

O efecto do cambio climático nas forestas nativas dos Azores

Grado en Enxeñaría Forestal

NOME AUTOR: Isaac García Rodríguez

NOME DIRECTORES: Rui Bento Elias e Carolina Acuña Alonso

CURSO 2023/24

RESUMO: Este Traballo de Fin de Grado analiza a diversidade e as ameazas ambientais que sofren os bosques autóctonos insulares, en concreto en Terceira, unha illa do arquipélago dos Azores, avaliando o cambio climático e as especies invasoras. Esta análise realizase mediante un estudo climatolóxico e mostraxes de vexetación vascular propoñendo medidas de conservación para protexer os ecosistemas nativos insulares.



Realizouse un estudo climático comparando dúas normais climatolóxicas, unha de referencia (1996-1999) recomendada pola Organización Mundial de Meteoroloxía e outra que expresa a climatoloxía actual (1991-2020), onde se comprobou o incremento de 0,85 C de temperatura media anual e a diminución de 93,08 mm de precipitación anual acumulada.

Observouse como os índices de diversidade tenden a ser peores nas cotas máis baixas e van mellorando cando se sube en altitude, coincidindo coa diminución das especies exóticas invasoras nese incremento. Estas especies exóticas aproveitan as dinámicas naturais de efectos meteorolóxicos adversos para introducirse ou aumentar as súas poboacións nos ecosistemas a grandes ritmos, impedindo o crecemento e reducindo o avance das especies nativas e endémicas. Estes resultados expresan como está relacionada a vexetación exótica invasora co empeoramento dos índices de diversidade, xa que cando existe a presenza de especies exóticas invasoras aínda que a diversidade empeore ou mellore, as especies nativas sempre son as máis prexudicadas.

